




Vive o
camiño

2018

Anxo Moure

Contos e historias das árbores do Camiño Portugués

DURACIÓN: 50 MIN.
PÚBLICO: PÚBLICO FAMILIAR

SINOPSE: ESTA É A HISTORIA DUNHA BOTA VELLA QUE ESQUECIDA POR UN PEREGRINO FICOU Á SOMBRA DUN CARBALLO. O VENTOU INZOUNA DE TERRA, UN PAXARIÑO POUSOU DENTRO DELA UNHA LANDRA, CHOVEU E CHOVEU E UNHA ÁRBORE NACEU QUE FOI CHAMADA "O CARBALLO CON BOTAS". ASÍ COMENZA UN CONTO QUE DIVULGA A RELACIÓN DO CAMIÑANTE A COMPOSTELA COAS ÁRBORES DA CONTORNA QUE DALGÚN XEITO SON OS SERES VIVOS MÁIS ANTIGOS QUE CON EL COMPARTEN CAMIÑO E QUE AO MESMO TEMPO LLE DAN SOMBRA PARA CAMIÑAR, TRONCO PARA ABRAZAR E OSÍXENO PARA RESPIRAR.

A PROPOSTA DE CONTOS E HISTORIAS DAS ÁRBORES DO CAMIÑO PORTUGUÉS BUSCA POÑER EN VALOR A TRAVÉS DUNHA SESIÓN DE NARRACIÓN ORAL E UNHA ANIMACIÓN DE RÚA A IMPORTANCIA DE PROTEXER O PATRIMONIO FORESTAL E NATURAL DESTA CONTORNA AFECTADA POR GRAVES RISCOS COMO PODEN SER OS INCENDIOS FORESTAIS OU AS PRAGAS, TENTANDO QUE O PÚBLICO, DUN XEITO LÚDICO E PEDAGÓXICO, COÑEZA ALGUNHA DAS HISTORIAS QUE GARDAN FREIXOS E BIDUEIRAS, CARBALLOS E CASTIÑEIRO, NOGUEIRAS E SOBREIRAS.....

DISFRAZADO A XEITO DE ÁRBORE MILENTARIA CUN TRAXE DE LÁ VERDE, TECIDO POR UNHA ARTESÁ DO MORRAZO (FINA CARRILO), ACOMPAÑADO CON MONICREQUES DOUTRAS ARTESÁS DE CANGAS E PONTEARAS (PAZ E GENI) QUE DAN VIDA A SANDRA LANDRA, CARLOTA BELOTA, TÍO TEIXO, E O PROPIO CARBALLO CON BOTAS E ACOMPAÑADO POLO BURRO DE MADEIRA DE BIDUEIRO CARAMULO (DA SERRA PORTUGUESA DO CARAMULO), FARÁ UNHA SESIÓN DOS CHAMADOS CONTOS PARA COIDAR A TERRA, CUNHA DURACIÓN DE 50 MINUTOS, QUE É UNHA VIAXE IMAXINARIA E MOI PARTICIPATIVA POLOS LUGARES E ESPAZOS SINGULARES DO PROPIO CAMIÑO PORTUGUÉS PARA IR NA PERCURA DO BOSQUE MÁXICO ONDE HABITAN OS CONTOS E SALVAR O FUTURO DAS HISTORIAS QUE LLE CONTAN OS AMEIEIROS E OS ÉRBEDOS, OS BUXOS E MAIS AS FAIAS, AS PEREGRINAS E PEREGRINOS QUE PERCORREN ESTA SINGULAR RUTA XACOBEA.

ANXO MOURE

ANXO MOURE É CONTACONTOS E EDUCADOR AMBIENTAL. TRABALLA DENDENDE 1989 EN CENTROS ESCOLARES, BIBLIOTECAS, UNIVERSIDADES, PRAZAS, PRAIAS, PARQUES, BOSQUES..., DE PORTUGAL, GALICIA, ASTURIAS, PAÍS VASCO, CASTELA, MADRID... PROMOVENDO A TRAVÉS DO CONTO SENSIBILIZAR A SOCIEDADE SOBRE O COÑECEMENTO E COIDADO DO ENTORNO AMBIENTAL.

CON MAIS DE 8.000 SESIÓNS DE CONTACONTOS É O AUTOR DE LIBROS COMO A XACIA LUVIÑAS E O CARBALLO CON BOTAS (SOTELO BLANCO), SALGADIÑA ESTRELA DE FISTERRA E O PARAUGAS DAMEAUGAS (EN URCO EDICIONS), PLANTARSE, TÍO TEIXO E NA CASA DAS ÁRBORES (EDITORIA 2TEIXOS) CARAMULO (BAÍA EDICIONS). CREADOR DOS ESPECTACULOS DE RÚA "CICLOBIBLIOTECA" "NUBINETE" "A BARCA DOS CONTOS" "TITIRICLETA" "TEATRO NA MOCHILA" "ROTEIROS ENCONTADOS" E XUNTO CO MÚSICO SERVANDO BARREIRO OS ESPECTÁCULOS "A MÚSICA DAS ÁRBORES", "A MÚSICA DA AUGA", "PANDEIRETAS CONTRA METRALLETAS" E "O APALPADOR E A APALPADORA".

AUTOR E PROMOTOR DA WEB WWW.CONTOSOLIDARIOS.ORG, TEN RECIBIDO O PREMIO EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALICIA (CONVOCATORIA XUNTA-CONXUGA 1990), PREMIO AGRONATURA (DEPUTACION OURENSE-INORDE 1991), PREMIO LUGUESES DO ANO (ASOC DA PRENSA 1993), PREMIO OSÍXENO (ADEGA 2009), PREMIO ARTE E EDUCACION AMBIENTAL (SGEA 2009 E 2013), PREMIO SON DE ALDEA (2015). NACEU O DÍA DOS INOCENTES DO ANO 63 E VIVE ENTRE 32 ESPECIES FORESTAIS AUTÓCTONAS DENTRO DO BOSQUE ECOESPAZO CASA NAS ARBORES EN GARABELOS CHANTADA, PROMOVIDO XUNTO COA MESTRA DE EDUCACIÓN INFANTIL MARTA OCAÑA E O CARPINTEIRO DE RIBEIRA FERNANDO IBARRA.